

CAPÍTULO V

Resistir entre o silencio das nacións

I. O silencio do mundo: quen o había de saber? Que se había de saber?

A morte programada de todo un pobo é un parámetro case imposíbel de integrar nunha reflexión. Ademais, cómpre ir máis aló do aspecto “rumor” dunha información que o único que producía era lembrar as mentiras difundidas pola propaganda (aliadas, concretamente) durante a Primeira Guerra Mundial. A enormidade do crime deixou perplexo e dubitativo a máis dun, vacilando dende a dúbida ao desarraigo para logo vir a dar na certeza. Pero para chegar a iso, fixo falla tempo, ao contrario do que ocorreu co proceso de asasinato masivo, que foi extremadamente rápido.

1. O mundo xudeu.- No Leste a finais de 1941, a información xorde de todas as partes e máis aínda a partir do 8 de decembro de 1941. Pero unha información desta natureza adquire a forma dun rumor e ten dificultades para converterse en auténtico coñecemento¹²⁵. Ademais, Alemaña procura confundir as pistas: moitos deportados son obrigados a escribir mensaxes estereotipadas e non datadas aos seus familiares, onde lles indican que se atopan nunha situación excelente. Estas tarxetas postais vanse enviando aos poucos durante meses e mesmo anos.

En 1942, as comunidades xudías de Polonia perciben o destino que lles teñen reservado os alemáns, aínda que, evidentemente, este coñecemento non sexa un saber interiorizado e dominado. “Os voceiros destas novas (*i.e.* os masacres que se levan a cabo en pequenas comunidades) contan que se exterminan a todos os xudeus, que se “limpan” todas as comunidades. A maioría dos xudeus é abatida in situ e unha minoría é enviada aos campos de traballo”¹²⁶.

En 1942, multiplícanse as chamadas de socorro das comunidades xudías do Leste. Recíbenas os responsábeis do Congreso Xudeu Mundial en Suíza, logo os xudeus de Istambul e dende aí por medio da *Yishuv*, os

¹²⁵ Perechodnik (*op. cit.*) escribe en 1943: “habería que estar posuído polo demo para adiviñar a continuación dos acontecementos”.

¹²⁶ Shloyme Frank, “Diario do gueto de Lodz”, 24 de xullo de 1942, en *Le Monde juif*, núm. 154, maio de 1995.

responsábeis xudeus americanos. Pero a concienciación sempre vai con retraso con respecto ao acontecemento, en 1942, presenta un carácter progresivo, e en 1943, resulta confirmado. Cando os responsábeis xudeus americanos falan a finais de 1942 dun millón de vítimas, xa se levan matado a máis de tres millóns de persoas.

O principal documento informativo é o telegrama que Gerhardt Riegner, representante do Congreso Xudeu Mundial en Suíza, lle envía, en agosto de 1942, ao Foreign Office en Londres e ao rabino Stephen Wise, presidente do Congreso Xudeu Mundial en Washington. O propio Riegner foi informado polo industrial alemán, Edouard Schulte, co que se entrevistara en Zürich a finais de xullo de 1942. A “Solución Final” está no seu punto álxido en toda Europa. A redada do “Velódromo en París” (os días 16 e 17 de xullo de 1942) case coincide coas primeiras deportacións do gueto de Varsovia (22 de xullo de 1942).

Riegner envía o seguinte cable: “Recibida nova alarmante, no cuartel xeral do Führer discusión e exame dun plano segundo o cal despois deportación e concentración ao Leste todos os xudeus dos países ocupados ou controlados por Alemaña, que representan entre tres millóns e medio e catro millóns de persoas, teñen que ser exterminados de golpe para resolver definitivamente a cuestión xudía en Europa. Execución prevista para o outono. Métodos sometidos a exame incluído o do ácido prúsico. Transmitimos a información con todas as reservas, a súa exactitude non pode ser confirmada. Considérase o informador como alguén que mantén estreitas relacións coas máis altas autoridades alemás e como alguén que en xeral comunica novas fiábeis”. Malia a súa precisión, este telegrama xa vai con atraso con respecto á realidade: a conferencia de Wannsee á que fai alusión, xa tivera lugar había sete meses, e a matanza masiva con camións de gas comezara oito meses antes. A mensaxe de Riegner suscita reservas (mesmo en medios xudeus) cando non hostilidade (por parte dos Aliados).

Entre o verán de 1940 e o outono de 1942, outra parte esencial do mundo xudeu, o *Yishuv*, vese ameazada¹²⁷ pola invasión alemá, por tres veces polo menos. Durante o verán de 1942, os xornais xudeus de Palestina publican as novas do *masacre* (non do *xenocidio* aínda) pero sen facer das mesmas a cabeceira do xornal, ben porque as cren infundadas ou ben porque de entrada non perciban a importancia da catástrofe, da mesma maneira que fixeron os seus contemporáneos non xudeus. Sen embargo, en novembro de 1942, despois de recibir o telegrama de Riegner, o executivo da Axencia Xudía, publica un comunicado oficial no que se fai eco do plano sistemático de exterminio do xudaísmo europeo pero no cal, con todo, se agocha unha parte da información (as cámaras de gas) para non alarmar máis a poboación. A comezos do mesmo mes, despois dun

¹²⁷Durante a segunda alerta en xuño de 1941, o exército británico considera durante un tempo a posibilidade de evacuar os soldados xudeus de Palestina cara a África do Sur.

convenio entre a Grande Bretaña e Alemaña, sesenta e nove xudeus palestinos saen de Polonia despois de se veren alí bloqueados dende setembro de 1939. Os seus testemuños mencionan os campos de Auschwitz e confirman o telegrama de Riegner.

A emoción ou un sentimento de desolación asolaga daquela o *Yishuv*. Organízanse velorios públicos e pregarias nas sinagogas. O 23 de novembro de 1942, os xornais presentan unha primeira páxina coas marxes tinguidas de negro e nas escolas organízanse clases dedicadas aos masacres.

O sionismo era unha ruptura un tanto desprezativa para o mundo tradicional que se deixaba en Europa. Pero cando este mundo desaparece *de verdade*, vívese a ruptura daquela con culpabilidade e angustia. “Como habemos vivir as nosas vidas? Convosco o inferno e ao noso arredor o paraíso?” escribe Uri Zvi Greenberg¹²⁸”

A finais de 1942, un grupo de vinte e cinco intelectuais, entre os cales se atopa Martin Buber, demandan a creación dun “gobierno de salvación nacional” pero a súa acción suscita a miúdo unha reacción hostil dos dirixentes.

A emoción anóvase durante a segunda metade do ano 1943: “Todo o mundo sabe que a situación é horríbel, pero o público non dá aprehendido estas narracións en tanto que elemento susceptible de formar parte da súa experiencia persoal, declara en xuño de 1944 un dos responsábeis do movemento sionista.

2. Os Aliados.- A finais de 1942, as informacións relativas ao xenocidio chéganlles tanto aos dirixentes Aliados como aos neutrais. Non obstante, conforme se vai coñecendo a gravidade da situación, tamén se vai bloqueando a información dende altas instancias. Así, o subsecretario de Estado americano, Sumner Wells, non lle transmite a Stephen Wise o telegrama Riegner do 8 de agosto de 1942. O Departamento de Estado xulga a información “aparentemente non fundada”. Deixando á parte o aviso que os once gobernos Aliados (e mais a Francia combatente do xeneral de Gaulle) lle dirixía a Alemaña o 17 de decembro de 1942 e que lle revelaba ao mundo o xenocidio xudeu, os anglosaxóns case non reaccionaron. Por dúas veces, durante o ano de 1942, Jan Karski, correo do goberno polaco no exilio, introdúcese no gueto de Varsovia. Dálles conta da súa visita aos gobernos de Londres e de Washington a principios de 1943 e mesmo é recibido polo presidente Roosevelt en xullo de 1943. A súa xestión non dá pé a ningunha reacción.

O goberno americano dispón, sen embargo, dun perfecto coñecemento de Auschwitz que lle proporcionaron, entre outros, o informe polonés de agosto de 1943, e logo o dos dous xudeus eslovacos (Vrba e Wetzler),

¹²⁸ En *Les routes du fleuve*, citado por T. Segev, *Le septième million*, op. cit., p. 97.

fluxos do campo na primavera de 1944, e polas primeiras fotografías aéreas de Auschwitz, tomadas o 4 de abril de 1944. Pero rexeita calquera acción concreta que empecesse a “Solución Final” como por exemplo, o bombardeo das vías férreas que conducían a Auschwitz, feito tantas veces lembrado.

A finais de xuño de 1944, a Axencia Xudía pídelle ao secretario do *Foreign Office* Anthony Eden que ordene bombardear a ferrovía que conecta Budapest con Auschwitz. A cousa quedou en nada. O 4 de xullo de 1944, o axudante do Secretario americano para a defensa afirma que bombardear Auschwitz “non é realista” (*cf. infra*). Os militares, e canda eles os políticos, declaran que lle outorgan a prioridade á acción armada. Despois da guerra, han argumentar que existía unha falta de información sobre a amplitude exacta do acontecemento para xustificaren a súa decisión.

Pero o argumento non cadra ben: os diplomáticos anglosaxóns tentan parar a información *porque* manteñen fechadas as fronteiras dos seus países e as dos territorios que controlan. Por dúas veces polo menos, os Británicos rexeitan os ofrecementos de salvamento: en marzo de 1943, cando se trata de salvar sesenta mil xudeus búlgaros, e en xuño de 1944, cando fracasa a negociación chamada “dos dez mil camións” que se propuxeron a cambio da vida de centos de miles de xudeus húngaros.

Do lado británico, parece que aos funcionarios lles estarrece transmitir a nova de que os xudeus están destinados á morte en masa. O Ministerio de Información pídelle aos redactores e presentadores que non identifiquen a identidade xudía das vítimas da mesma maneira que lles piden aos medios de comunicación que minimicen os “relatos das atrocidades”¹²⁹.

Do lado dos Estados Unidos, existen uns argumentos irrefutábeis como a indiferenza masiva do público, aparelado a un antisemitismo “pasivo” e estendido¹³⁰. Ademais, a información incríbel¹³¹, no sentido literal do termo, aparece afogada a miúdo na marea das informacións sobre a guerra: deste xeito, a traxedia dos xudeus húngaros vese agochada pola información relativa ao *Día D* (6 de xuño de 1944).

O goberno americano, da mesma maneira co goberno británico, teme a chegada de centos de miles de refuxiados xudeus ao seu territorio. Até marzo de 1944, Roosevelt, rexeita mencionar a destrución dos xudeus nas

¹²⁹ Pero o silencio británico *tamén* se explica pola imposibilidade de considerar os xudeus como unha nación e pola vontade de non ir no sentido da segregación nazi.

¹³⁰ Segundo as enquisas de opinión feitas polo *Office of War Information*, o impacto das informacións sobre as atrocidades alemás era para un “americano medio” sete veces máis forte cando se trataba de atrocidades en xeral ca cando había algunha referencia precisa ás atrocidades cometidas contra os xudeus. (citado por D. S. Wyman, *L’abandon des Juifs*, Laffont, 1986, p. 418).

¹³¹ Unha sondaxe de Gallup efectuada en xaneiro de 1943 ofrecía os seguintes resultados: “cre vostede que os alemáns asasinaron a dous millóns de xudeus?” : un 47 % das persoas preguntadas responderon que si, un 29 % responderon que non e un 24 % “non soubo, non contestou”.

súas conferencias de prensa para non darlle máis pábulo á súa sona que reiteradamente o acusaba de “*Jew Deal*”. É consciente de que a comunidade xudía apoia o partido democrático e que unha política máis aberta cara aos refuxiados habíalle de custar moitos votos. Esta é a liña que prevalece cando finalmente os responsábeis do departamento de Estado (entre eles moitos protestantes de longa tradición, imbuídos de espírito nativista) interrompen a comezos de 1943 as mareas de información enviadas dende Suíza cara aos Estados Unidos destinadas aos responsábeis xudeus.

Tamén inflúe sen dúbida o feito de que a administración anglosaxona se vele de non caer no argumentario alemán que presenta o combate dos Aliados como unha “guerra xudía”. E probablemente, tamén teña que ter conta do antisemitismo arraigado nas opinións públicas propias. Pero en última instancia, nin en Londres nin en Washington desexan ofrecerlles asilo aos perseguidos, sexa onde for, nin no Reino Unido nin en Palestina nin nos Estados Unidos.

A verdadeira natureza do acontecemento é difícil de percibir e comprender, pero a indiferenza tamén xoga o seu papel. Despois da guerra, esa indiferenza ha inducir a todas as testemuñas da catástrofe a que sintan un malestar persistente.

Os soviéticos son, entre os Aliados, as principais testemuñas oculares da catástrofe xudía. Pero só a mencionan dúas veces e as dúas cun fin político a curto prazo. O 24 de agosto de 1941, Radio Moscova dedíalle un programa ao “destino dos xudeus de todo o mundo” no que participan, entre outros, o cineasta Eisenstein e o escritor Ehrenbourg.

Durante o ano 1942, chegan a Moscova numerosas informacións provenientes dos partisanos que operan detrás das liñas alemás, entre outras fontes. Pero o goberno garda un silencio que só se rompe, por primeira e última vez, o 19 de decembro de 1942 para mencionar explicitamente as vítimas xudías. É verdade que daquela se trataba de seguir os pasos dos Aliados (cuxa axuda é esencial), que acaban de tomar unha postura¹³² clara. A URSS levanta acta de todas as desfeitas alemás precisando a nacionalidade das vítimas, pero agás nas dúas ocasións antes mencionadas, oculta sistematicamente a orixe xudía das comunidades xudías destruídas. Ademais, a pouca información que difunde vai destinada a Occidente, pero os pobos da URSS non son informados da realidade do xenocidio xudeu. Cómpre lembrar o antisemitismo de moitas das poboacións ocupadas que habería que xestionar? E polo demais, habería que descoidar o rexurdimento e mesmo o mantemento nos medios dirixentes dun antisemitismo que noutrora fora combatido pero endexamais foi erradicado?

¹³² Cfr. *supra* declaración do 17 de decembro de 1942.

3. A Cruz Vermella, os Neutrais, o Vaticano e a información.- A Cruz Vermella é, canda a Igrexa católica a institución mellor informada da realidade do xenocidio durante o conflito: mantén delegados permanentes nas capitais de todos os Estados belixerantes. O seu coñecemento non provén, evidentemente, das visitas guiadas que lle realizan os alemáns a “campos modelos” (Theresienstadt), senón e sobre todo, das súas relacións con moitas testemuñas oculares e con responsábeis xudeus como Riegner.

Durante o verán de 1942, a Cruz Vermella sabe o esencial e pregúntase, durante os axitados debates que se producen en Xenebra, se cómpre levar a cabo unha acción discreta ou se polo contrario cómpre realizar un chamamento público como o que se fixera en febreiro de 1918, a propósito da utilización de gases tóxicos. No verán de 1942, a meirande parte dos membros da directiva do CICR (*Comité international de la Croix-Rouge*, Comité internacional da Cruz Vermella) pronúnciase a prol dunha denuncia pública pero o presidente Huber rexeita esta decisión probablemente para non indispoñer a política estrita de neutralidade que segue Berna. Tras o comunicado publicado en setembro de 1942 no que se indica que “os civís teñen que ser tratados con humanidade”, o CICR opta a partir do seguinte mes por proseguir cunha acción discreta que se ha manter até 1945 e que non produciu ningún resultado destacábel.

Ao rexeitar considerar os xudeus como vítimas específicas, o CICR resulta enganado pola lóxica racial alemá, pero tamén o é por unha concepción humanitaria obsoleta, con mínima capacidade para comprender a noción de “Guerra Total” propia do século XX.

Dende Xenebra, Estocolmo e Istambul, pedras angulares da información, as potencias neutrais estiveron informadas a cada pouco. Os seus cónsules no estranxeiro son contactados polos informadores, os diplomáticos tentan averiguar algo máis e finalmente, os fuxitivos pretenden refuxiarse nalgún Estado neutro. No outono de 1942, as autoridades oficiais e os principais medios de comunicación están ao tanto da realidade do xenocidio, aínda que descoñezan os métodos e sobre todo a amplitude do masacre en toda a súa magnitude. Dende finais de 1942, a prensa suíza¹³³ e a prensa sueca falan de “matanza masiva” e de “exterminios”.

Sen dúbida, Suíza é o país mellor informado de Europa, pero o goberno helvético cala e mantén as fronteiras oficialmente fechadas. O 26 de setembro de 1942, algunhas semanas despois das grandes redadas realizadas en territorio francés, a división da policía do Consello Federal ordena que se rexeiten sen excepción, os xudeus franceses que se acheguen

¹³³ O xornal de Basilea *Basler Nationalzeitung*, publica o 18 de decembro de 1942: “Os xudeus de todos os territorios ocupados son deportados en horribéis condicións. En Polonia, son exterminados sistematicamente” (en W. Laqueur, *Le terrifiant secret*, Gallimard, 1981, p. 61).

aos seus postos fronteirizos “dado que non corren ningún perigo no seu país”. E ao revés, o goberno sueco, país neutral tamén, acolle a pequena comunidade xudía de Dinamarca en outubro de 1943.

A Igrexa sabe o esencial, probablemente dende os primeiros massacres de 1941, porque é unha institución implantada en Europa e máis aínda na moi católica Polonia. A alta xerarquía católica está informada por entremedias dos contactos persoais establecidos no seo clerical europeo, recollendo as súas informacións, algunhas das cales chegan a Roma. Se por exemplo, o 9 de marzo de 1942, o nuncio do papa en Bratislava (Eslovaquia) envía o seguinte cable a Roma: “A deportación de oitenta mil persoas en Polonia onde se atoparán á disposición dos alemáns, equivale a unha morte segura, polo menos a unha boa parte deles”. Durante a mensaxe de Nadal de 1942, o papa Pío XII¹³⁴ deixa caer unha alusión aos centos de miles de vítimas que son “condenadas (...) algunhas veces unicamente por razón da súa nacionalidade ou pola súa raza”, pero rexeita denunciar “atrocidades concretas” porque, segundo di, non pode falar dos nazis sen citar ao mesmo tempo os bolxeviques¹³⁵. Explicálle ao representante de Roosevelt que nas informacións relativas ás matanzas masivas hai unha parte de verdade, pero que o conxunto resulta altamente esaxerado por razóns de propaganda. Non obstante, o 25 de xullo de 1944, diríxese ao rexente Horthy de Hungría falándolle a prol dos xudeus que el sabe condenados á morte. Trátase do primeiro chamamento deste tipo.

Outros dignatarios da Igrexa (protestante, anglicana) adoptan en países non ocupados unhas posicións que testemuñan que a alta xerarquía católica sabe o que ocorre no Leste de Europa. O 23 de marzo de 1943, o arcebispo de Canterbury, William Temple, declara perante a cámara dos lords: “Neste momento pesa sobre nós unha formidábel responsabilidade. Atopámonos ante o tribunal da historia, da humanidade e de Deus¹³⁶”. Nos Estados Unidos, un responsábel do Consello Federal das Igrexas afirma: “Isto non é un asunto xudeu. Trátase dun universal e colosal envilecemento que toda a humanidade comparte¹³⁷”.

Malia as graves lagoas de investigación¹³⁸, hai polo menos tres elementos que semellan estar testemuñados. Pío XII sabíao, sobre todo

¹³⁴ Pío entra no papado en marzo de 1939, despois de levar moito tempo como nuncio apostólico en Alemaña. Como secretario de Estado do seu predecesor Pío XI, o cardeal Pacelli, participara intensamente, a canda o arcebispo de Múnic, Faulhaber, na redacción da encíclica que condenaba a persecución do catolicismo alemán polo nazismo, *Mit Brennender Sorge* (1937). Cfr. G. Passelecq e B. Suchecky, *L'encyclique cachée de Pie XI*, La Découverte, 1995.

¹³⁵ Da mesma maneira ca antes da guerra, a condena do comunismo fora moito máis radical cá do nazismo porque era percibido como un perigo menor, sobre todo no máis inmediato, en tanto que se circunscribía a unha soa nación. Cfr. para este tema Émile Poulat, prefacio á *L'Encyclique cachée de Pie XI*, *op. cit.*

¹³⁶ Citado en D. Wyman, *op. cit.*, p. 145.

¹³⁷ Citado en D. Wyman, *op. cit.*, p. 406.

¹³⁸ Os arquivos do Vaticano non son consultábeis, polo de agora, só se pode consultar até o pontificado de Bieito XV (xaneiro de 1922).

dende comezos de 1943. Practicamente non falou, salvo en dúas ocasións, aínda así de forma elíptica: en Nadal de 1942 e en xuño de 1943. Pero tamén é case seguro que, de portas para dentro, o papa non quedou inactivo.

Despois da guerra, Pío XII ha argumentar (como outros) que a intervención solapada resultaba máis eficaz e non puña en perigo as poboacións locais. Non falaba das poboacións xudías senón dos dirixentes da Igrexa católica particularmente en Polonia. O papa preséntase sendo, en primeiro lugar e unicamente, un responsábel pastoral, xefe espiritual dos seus fieis católicos. Ao manter silencio en público, Pío XII puxo por diante unicamente os intereses do catolicismo e dos católicos de Europa. A universalidade¹³⁹ da mensaxe chocou de fronte coa realidade política máis crúa.

4.- E Alemaña?.- Decenas de miles, e mesmo centos de miles de homes da *Wehrmacht*, aínda que non sempre participaron nos massacres polo menos asistiron a eles. Os testemuños abundan neste sentido. Un oficial conta o que viu en Bobruisk (URSS) en abril de 1942: “Asistín ás execucións con outros dirixentes da administración, dalgunha maneira case era unha orde (...). Na medida do posíbel, as administracións tiñan que enviar delegacións para que non sospeitasen de que poderíamos ser hostís ao nacionalsocialismo¹⁴⁰”.

O asasinato en masa resulta inconcibíbel sen a participación dunha parte importante da sociedade que o rodeaba. A *Reichsbahn*, que deporta a tres millóns de xudeus, emprega a cincocentas mil persoas. Unha parte delas organiza os “trens especiais”¹⁴¹. As firmas civís constrúen as cámaras de gas e outras como Topf e Fillos (de Erfurt) fabrican algúns crematorios¹⁴², outros como a Saurer, seguindo as instrucións da SS, poñen a punto os camións destinados ao gaseamento mediante monóxido de carbono. O presidente do Consello de Administración de *IG. Farbenindustrie*, Carl Krauch, escolle persoalmente o lugar de Auschwitz (preferindo esta localización a outra posibilidade en Noruega), e o lema que se atopa na porta de entrada do campo, *Arbeit macht frei*, figuraba antes da guerra en todas as fábricas do grupo.

¹³⁹ Ese é o sentido da palabra *católica*.

¹⁴⁰ En *Pour eux...*, *op. cit.*, p. 119.

¹⁴¹ “Gustaríame sinalar que un día tiveron conciencia da verdadeira significación do campo de Belzec. En efecto, detrás dun hangar para locomotoras, vin moreas de roupa de todo tipo, tamén había unha grande cantidade de zapatos, de xoias e obxectos de valor. As SS amontoaran alí os obxectos. Verquían gasolina sobre a roupa que non se podía aproveitar e logo queimábanas” (Oscar Diegelmann, inspector en xefe da *Reichsbahn*, citado en *Pour eux...*, *op. cit.*, p. 211).

¹⁴² O enxeñeiro Prüfer da firma Topf tivo coñecemento a finais de agosto de 1942 que os búnkeres servían para asasinar os xudeus mediante o gas, e que os fornos que construían para os crematorios IV e V de Auschwitz estaban destinados a queimaren eses cadáveres. Disto non falou, porque fixera unha declaración xurada pola cal non podía revelar o que vía en Auschwitz.

Os bancos fecharon as contas, os civís fixéronse cargo dos negocios xudeus, das empresas, dos apartamentos e dos seus móbeis. A firma Degussa traballa o ouro que se lles rouba ás vítimas e o que se lles extrae aos cadáveres fundíndoo en forma de lingotes polo que despois deste proceso xa pertencen ao Reich. A súa filial, a Degesch, fabrica o gas *Zyklon B* que a SS encomenda en cantidades *anormais* para o uso tradicional.

A rapidez necesaria¹⁴³ para o proceso de asasinato en masa explica que o Reich recorra ás mellores competencias técnicas e *civís* do país: os trens, a industria automobilística, a industria metalúrxica, a industria química e finalmente a industria téxtil (para a recuperación e a transformación da roupa espoliada).

O crime non o comete un grupo de sádicos. É un “crime de empregados” e de homes correntes, tanto civís coma militares, membros ou non do partido nazi. A práctica do xenocidio implica contar coa axuda dunha inmensa administración. Estes burócratas competentes xestionan o asasinato sen excesiva emoción, porque teñen os valores do nacionalsocialismo moi asimilados. O crime non é algo que estea á marxe do día a día, senón que penetra polos intersticios máis banais da vida cotiá.

II.- Os intentos de salvamento

1. Os intentos do *Yishuv*.- Malia as ameazas británicas de parar a inmigración legal mentres continuase a inmigración ilegal, chegan a Palestina cincuenta mil refuxiados xudeus durante a guerra, dos cales dezaseis mil de forma clandestina. O xefe do executivo sionista, Ben Gurión é lúcido sobre o alcance da catástrofe que está ocorrendo: “o exterminio do xudaísmo europeo é unha catástrofe para o sionismo, xa non haberá ninguén para construír o país!”¹⁴⁴.

A finais de 1942, establécese unha negociación para salvar aos romenos de Transnistria. O oferta élle transmitida á Axencia Xudía en Istambul, que llela traslada aos Aliados. Rexeitamento británico e bloqueo alemán: a iniciativa esmorece aí. Ao mesmo tempo iníciase (novembro 1942 - setembro 1943) o “plano Europa” para salvar os xudeus de

¹⁴³ A necesidade do secreto explica a rapidez do proceso. O 24 de marzo de 1942, dous meses despois de Wannsee, Franz Rademacher, xefe de sección do gabinete dos “Asuntos Xudeus” do RSHA, envíalle esta nota ao ministerio dos Asuntos Exteriores: “Canto máis rápido se debuxa a vitoria alemá, máis importantes e perentorias han ser as tarefas da sección. A cuestión xudía ten que ser resolta unicamente no transcurso da guerra, porque ten que ser liquidada sen que comecen e se expandan os berros polo mundo enteiro.”

¹⁴⁴ Citado en T. Segev, *Le septième million*, p. 121. Engádase que en 1954, Ben Gurión declara que “Hitler non só lle fixo dano ao pobo xudeu que el coñecía e odiaba, senón que tamén lle fixo dano a un Estado Xudeu do que el aínda non previra a súa existencia. Destruíu o principal sostén e a forza esencial do país. O Estado está aí, pero non atopou a nación que agardaba” (ibídem, p.139).

Eslovaquia, a cambio de diñeiro, ofrecido a Dieter Wisliceny, representante de Himmler en Bratislava. Dende o mes de agosto de 1942 até o mes de setembro de 1943, a dirección clandestina da comunidade xudía de Eslovaquia negocia con Dieter Wisliceny. Os alemáns rompen as negociacións.

O 31 de xaneiro de 1943 créase o Comité de Salvamento da Axencia Xudía en Palestina. O día 1 de outubro dese mesmo ano, salta detrás das liñas alemás en Romanía o primeiro grupo de paracaidistas de *Eretz Israel*¹⁴⁵. Séguenlle outros en marzo de 1944, tamén en Romanía, en Iugoslavia, en Hungría e en setembro de 1944 en Eslovaquia: a metade son capturados e asasinados. A finais de setembro de 1944, Churchill anuncia no Parlamento a creación dunha brigada xudía dentro do exército británico.

O *Yishuv* tamén intenta algunhas accións de salvamento, pero axiña se ve confrontado á súa propia fragilidade e á súa falta de autonomía. A Axencia Xudía gastou un cuarto do seu orzamento en accións de salvamento¹⁴⁶, pero a impotencia e nalgúns casos mesmo a incompreensión¹⁴⁷ reducen estas accións a pouca cousa.

2. Os intentos dos anglosaxóns.- Para os británicos e os americanos o esforzo de salvamento debera consistir na modificación dos procedementos de inmigración facilitando a expedición das visas e a acollida dos refuxiados, cousa que non fixeron, e das poucas que expediron, fixérono a contagotas e en ínfimas proporcións vistas as necesidades do momento.

As leis americanas de cotas mantéñense como estaban. O proxecto de lei Wagner-Rogers, de comezos de 1939, prevía a acollida de vinte mil nenos refuxiados procedentes de Alemaña, pero o Congreso¹⁴⁸ rexeitouno. Entre 1933 e 1945, o continxente austroermánico (segundo as leis de cotas) é de vinte e sete mil trescentos setenta inmigrantes ao ano, e esta cantidade non se cobre na súa totalidade, só acada o 36 %. A única excepción a esta lei realízase a prol dos refuxiados políticos e intelectuais prestixiosos acollidos nos Estados Unidos, entre 1940 e 1944 (arredor de tres mil persoas). Dos trescentos setenta mil xudeus que foxen do Reich ampliado entre 1933 e 1939, poden entrar nos Estados Unidos¹⁴⁹ cincuenta e sete mil. A opinión americana permanece fechada ás propostas de acollida mesmo durante os anos da guerra.

A norma do lado británico tamén se sitúa na idea de blindar a acollida. O goberno non achega ningunha modificación á lexislación

¹⁴⁵ Deste xeito se denomina a comunidade xudía de Palestina retomando a acepción bíblica de “Terra de Israel”.

¹⁴⁶ En T. Segev, *op. cit.*, p. 127.

¹⁴⁷ “Por que non se defenden os xudeus de Hungría?”, título do xornal laborista *Davar* o 22 de xuño de 1944 (en T. Segev, *op. cit.*, p.135).

¹⁴⁸ Roosevelt anota na marxe deste proxecto: “Para o arquivo; cancelado. FDR.”

¹⁴⁹ E cincuenta mil no Reino Unido.

restritiva votada en 1905 e en 1919. O xefe da oficina de refuxiados do *Foreign Office*, cando un navío que transportaba refuxiados xudeus cara a Palestina, denominado *Salvador*, afunde no mar de Marmara en decembro de 1940, anota: “Non poderíamos imaxinar un desastre tan oportuno para poñer fin a este tráfico.”¹⁵⁰

Con todo, lévanse a cabo algunhas negociacións secretas, sempre referidas ao destino dos xudeus, entre os anglosaxóns e os alemáns, pero todas elas fracasan. Lembremos a transacción cos xudeus de Hungría, negociación iniciada na primavera de 1944, pola comunidade xudía de Budapest co apoio da Axencia Xudía (Joël Brandt). Pero en xuño de 1944, os ingleses arrestan a Brandt e ao seu cómplice Grosz no Cairo mentres se estaba producindo a deportación dos xudeus húngaros cara a Auschwitz a un ritmo de preto de dez mil persoas ao día. Os ingleses¹⁵¹, en connivencia cos americanos, provocan que a negociación fracase, da mesma maneira que non lle conceden continuidade a ningunha outra proposta, sexan estas xudías ou alemás. Conforme se vai concretando a desfeita alemá, Himmler busca un achegamento cos Occidentais pola canle da “cuestión xudía”, até ese extremo segue prisioneiro dunha visión do mundo en que “os xudeus” serían os “verdadeiros donos” dos Estados Unidos.

Estes salvamentos fallidos por parte dos anglosaxóns deixan ver ás claras a estrutura poliárquica do réxime nazi e a súa visión obsesiva e contraditoria dos xudeus vistos como todopoderosos pero que acaban sendo destruídos. Tamén subliña sobre todo o pouco caso que lles fan os Aliados¹⁵² ao destino *específico* dos xudeus.

O que a prensa revela e divulga sobre o xenocidio, a finais de 1942, suscita na opinión pública un movemento de simpatía coas vítimas que presiona aos responsábeis para que actúen. Co obxectivo de responder a esta espera, e tamén para desviala, Londres e Washington convocan nas Bermudas, en abril de 1943, unha Conferencia Internacional sobre “os refuxiados”¹⁵³.

O título da conferencia e o lugar escollidos son reveladores: fálase dos “refuxiados” e non da situación dos xudeus asasinados¹⁵⁴. O arquipélago das Bermudas ten acceso restrinxido, o que impide calquera presión da opinión pública tanto da prensa e como das organizacións xudías, das cales, por certo, non foi ningunha convidada. A consigna é que non se lles conceda ningunha atención específica aos xudeus.

¹⁵⁰ En *L'Allemagne nazie et le génocide juif*, op. cit., p.365.

¹⁵¹ Lord Moyne, gobernador británico en Exipto: “Que imos facer cun millón de xudeus?”.

¹⁵² Despois de moitas presións, Roosevelt crea en xaneiro de 1944 un Comité para os refuxiados de guerra... onde se evita o termo xudeu con moito tino.

¹⁵³ É a segunda despois da de Evian en 1938.

¹⁵⁴ Coincidencia: a conferencia celébrase dende o día 19 até o día 30 de marzo de 1943, coincidindo cos combates, solitarios, do gueto de Varsovia. Ao abandono no lugar do xenocidio responde, ao mesmo tempo, o abandono diplomático.

A conferencia ten tres obxectivos: presionar nos neutrais para que acollan máis refuxiados, procurar lugares de asilo temporal, e finalmente, reunir o Comité Intergubernamental creado despois da Conferencia de Evian en 1938. Ao final do seu traballo, a Conferencia recomenda que non se realice ningunha negociación con Hitler e propón que se intenten conseguir barcos neutrais para o transporte. A prensa non divulga moito esta conferencia, que sen embargo, acadou o seu obxectivo: diminuír a presión nacida da emoción sen que por iso se abran máis as fronteiras.

O abandono do pobo xudeu tamén se ve claramente cando as organizacións xudías lles piden aos Aliados que bombardeen as vías férreas que conducen a Auschwitz. Os bombardeiros Aliados sobrevoan o campo o 4 de abril de 1944, logo o 20 de agosto de 1944 e tamén o 13 de setembro do mesmo ano. O estado maior Aliado négase a realizar a operación argumentando que o bombardeo das cámaras de gas, a unha altitude de 7000 metros sería aleatoria e que, ademais os edificios habían ser reconstruídos axiña. Conclúe dicindo que cómpre outorgarlle a prioridade á destrución da máquina de guerra alemá e actuar rápido na medida en que Alemaña está ultimando a fabricación da arma atómica.

3. O abandono.- O 12 de maio de 1943, suicídase Shmuel Zygelbojm, representante do *Bund* no Consello Nacional Polonés exiliado en Londres, dúas semanas despois de que conclúese a conferencia das Bermudas e catro días despois da fin dos combates no gueto de Varsovia. Zygelbojm escribe na derradeira carta: “A responsabilidade do crime que constitúe o masacre de toda a poboación xudía de Polonia recae, en primeiro lugar, sobre aqueles que a cometen, pero este crime tamén é unha pesada lousa que afecta indirectamente a toda a humanidade, a todos os pobos e gobernos das nacións aliadas que, até o de agora, non intentaron adoptar medidas concretas co fin de deter o crime. Estes países, convertéronse en cómplices dos criminais observando pasivamente o asasinato de millóns de seres sen defensa e as sevicias inflixidas a nenos, mulleres, vellos (...). Como durante toda a miña vida non fun quen de facer nada, quizais poida contribuír coa miña morte a rachar con esta indiferenza.”

A *American Jewish Joint Distribution Committee (JDC*, Comité de distribución conxunto xudeo-americano), un organismo privado, fornécelles aos xudeus europeos máis axuda durante a guerra có conxunto dos gobernos do mundo e financia un 85 % do traballo da Axencia para os refuxiados de guerra creada por Roosevelt en 1944. Os Aliados xustifícanse alegando falta de barcos o que lles impide socorrer as vítimas, sen embargo, catrocentos vinte e cinco mil prisioneiros de guerra do Eixe son conducidos aos Estados Unidos durante a guerra. Os gobernos británico e americano evacúan máis de cen mil refuxiados iugoslavos, polacos e gregos, mentres que a administración americana non consegue evacuar a

dous mil refuxiados xudeus cara aos tres campos previstos. En resumo, durante os anos 1942 e 1943, a administración británica deixa que entren en Palestina tantos refuxiados poloneses e gregos (non xudeus) como refuxiados xudeus.

O verdadeiro impedimento para o salvamento dos xudeus non é nin técnico nin ideolóxico, senón que deriva basicamente da ausencia dunha vontade firme por salvalos¹⁵⁵.

III.- Resistir?

“Por que nos deixamos conducir ao matadoiro como años? Por que gañou a partida tan doadamente o inimigo¹⁵⁶?”. Moitos xudeus contemporáneos fanse esta pregunta cun fondo de carraxe, ou mesmo de indignación ou de vergoña, que anova a ladaíña do “pobo sacrificado”.

Isto supón, en parte, esquecer a extrema rapidez do proceso mortífero. A finais de marzo de 1942, preto das tres cuartas partes das futuras vítimas aínda seguen con vida. A proporción invertease en febreiro de 1943: o 75 % das vítimas xa foron asasinadas. Tan só durante o ano 1942 morren preto de dous millóns setecentas mil persoas, isto é, máis da metade do total das vítimas da Shoah. Engadido ao efecto sorpresa, esta rapidez provoca que as vítimas manteñen intacta a esperanza. En 1943, cando o coñecemento do proceso e case total, o desespero instálase e paradoxicamente induce a que exista un espírito de resistencia. Estouran catro revoltas nos lugares do masacre entre abril e outubro de 1943: no mes de abril en Varsovia, no mes de agosto en Treblinka e Bialystock e no mes de outubro en Sobibor.

A “Solución Final” implica discreción e rapidez, e aínda que o esencial puidese ser coñecido en 1942 (no Leste moito máis cá no Oeste), a mente rexeita a promesa de morte. “Os ocupantes instituíron tal terror que teñen medo de erguer a cabeza (...). Se callar a pasividade provocada pola fame sexa en si mesma a causa de que os xudeus sucumban en silencio, sen protestar vigorosamente¹⁵⁷”. De por parte, a violencia inaudita provocada e practicada no Leste polos alemáns dá conta do medo a comprometerse nun proceso de resistencia. A angustia da morte provoca que cada individuo mire por si mesmo e que isto se convirta nun patrón a seguir dende o punto de vista colectivo. Pénsase que a tormenta vai descargar na comunidade

¹⁵⁵ Dos corenta e tres mil xudeus cos que aínda contaba Viena en 1942, estímase que douscentos deles foron agochados e salvados por Vieneses, é dicir, un 0'05%. En Polonia, onde a axuda aos xudeus se condenaba coa morte, e onde a axuda foi irrisoria, citemos o papel da organización Żegota, creada a finais de 1942, que salvara (non se chega a un acordo no número de persoas) entre catro mil e vinte mil xudeus.

¹⁵⁶ Emmanuel Ringelblum, *Chronique du Ghetto de Varsovie*, Petite Bibliothèque Payot, 1995.

¹⁵⁷ *ibidem*. Pola súa banda Perechodnik escribe en 1943: “Os xudeus quedaban esgazados, fisicamente, pero sobre todo dende o punto de vista moral. A maioría perdera as ganas de vivir” (*op. cit.*, p. 111).

veciña e deste xeito, os xudeus polacos cren que iso lles vai afectar aos xudeus soviéticos, logo, despois dos primeiros massacres en Polonia, que se tratan de operacións “non autorizadas”, e despois da liquidación dos primeiros guetos, que “*Eles*” non van atacar os xudeus de Varsovia. Máis adiante, en fin, despois das primeiras deportacións da capital, prevalece o convencemento de que só os xudeus sen traballo van ser os afectados, etc.

A esperanza paraliza a revolta e a acción. A Organización xudía de combate no gueto de Varsovia constitúese o 28 de xullo de 1942, seis días despois do comezo das deportacións en masa cara a Treblinka. Como no gueto de Varsovia, moitos organízanse cando xa non existe esperanza posíbel. Así, tres dos catro levantamentos colectivos coñecidos teñen lugar perante a proximidade inmediata das cámaras de gas. Finalmente, para entender a ladaíña da “pasividade”, cómpre medir o parámetro de desamparo en que se abandonan ás comunidades xudías.

No Oeste de Europa non é tanto a mentalidade da diáspora a que rompe o espírito de resistencia como a mentalidade moderna: o xudeu emancipado non é quen de reaccionar cando o Estado de dereito ao que el pertence como cidadán o persegue. Por esta razón, o historiador Yehuda Bauer, propón que no canto de preguntar por qué os xudeus non resistiron, valería máis preguntarse por que e como foron tan numerosos os que colleron as armas *nestas* condicións¹⁵⁸?

Seiscentos detidos xudeus de Treblinka, rebélanse o 2 de agosto de 1943, no contexto do remate da “operación Reinhardt”. No seguinte mes, o día 14 de outubro, a revolta dos detidos xudeus do campo de Sobibor¹⁵⁹, onde abaten a dez SS, precipita o desmantelamento das instalacións e quizais provoque que Himmler ordene de asasinar os últimos xudeus do “Goberno Xeral” que aínda non foron rematados pola “*Aktion Reinhardt*”¹⁶⁰. De aí a *Ernstefest* (“Festa da Seitura”) do 3 ao 5 de novembro de 1943 (*cfr. infra*).

Cando a información se converte en coñecemento, e practicamente desaparece a esperanza, gaña o punto de vista dos que sosteñen a necesidade de resistencia activa, dentro do que queda nos guetos, aínda que con moitas dificultades. Os *Judenräte*, salvo excepcións, aínda cren que poden salvar o esencial ao aceptaren deportacións *parciais*.

Xa en xaneiro de 1943, a OJC (organización xudía de combate, *cfr. supra*) lle presentara aos alemáns a primeira acción de resistencia. Algunhas semanas máis tarde, ten lugar o levantamento do gueto de

¹⁵⁸ En *L'Allemagne nazie et le génocide...op. cit.*, p. 414.

¹⁵⁹ Fuxiron catrocentos cincuenta detidos, cento cincuenta (de seiscentos) foron asasinados no momento. Preto de douscentos fuxidos non foron capturados logo, dos cales cincuenta seguen con vida a finais da guerra.

¹⁶⁰ Tamén é verdade, como lle escribe Globoknik a Himmler o 4 de novembro de 1943 que a “Operación Reinhardt”, “ben levada”, está rematada dende o 19 de outubro.

Varsovia, o episodio máis célebre da resistencia xudía. Dunha banda, porque uns centos de xente nova, combatentes xudeus e moi pouco armados, lle presenta cara dende o 19 de abril ao 8 de maio de 1943 a varios miles de soldados alemáns e letóns, hiperarmados e entregados. Por outra banda, porque a comunidade xudía de Varsovia é, na preguerra, a máis importante do mundo xudeu europeo. E por último, porque a historia do gueto condensa todas as fases da catástrofe xudía en Europa.

O 19 de abril de 1943, os *Waffen SS* que penetran no gueto asediado, son recibidos cunha resposta armada. Pero a resistencia xudía ten que baterse en retirada aos poucos, con boa parte dos barrios ardendo, primeiro perseguidos polos teitos e logo polos sumidoiros, de xeito que queda aniquilado o 8 de maio unha vez destruída a cúpula dirixente. Son abatidos sete mil xudeus e outros sete mil enviados a Treblinka. Máis de corenta mil son deportados cara a Lublin e outros lugares.

Por veces, a revolta do gueto de Varsovia agocha os intentos de levantamento armado que tiveron lugar entre 1942 e 1943 nos guetos bielorrusos e polacos. Tan só na Bielorrusia occidental, existen grupos clandestinos armados en noventa e un guetos, e polo menos en dous terzos deles son movementos organizados. En Minsk, o cuarto gueto en importancia (oitenta mil persoas), a resistencia armada permite evasións en masa cara aos bosques dos arredores. En Bialystock, en agosto de 1943, a resistencia armada oponse aos alemáns no momento da liquidación do gueto, pero pronto resulta aplastada dadas as desproporcións das forzas.

Finalmente en Auschwitz, os detidos xudeus dos “traballos especiais” adscritos ao crematorio IV, revóltanse os días 6 e 7 de outubro de 1944, cando os nazis veñen buscar os trescentos membros do *Sonderkommando* para un “traslado” que non engana a ninguén. Como as de Treblinka e Sobibor, esta revolta queda asolagada en sangue malia algunhas baixas de SS, a destrución do crematorio e da súa cámara de gas que os insurxentes fixeron estourar.

Grupos de combatentes xudeus, con efectivos moi limitados, tamén participan nos combates. No Leste están formados por algúns superviventes (a miúdo militantes de movementos de mocidade, sionistas, bundistas e comunistas). Organízanse sen ningún apoio loxístico e sen armas, operando dende os bosques e sempre nun medio hostil. De feito, a resistencia polaca non os axuda moito e a meirande parte das veces enfróntase a eles. No Oeste, en Francia por exemplo, á parte de moitos xudeus franceses e estranxeiros que se unen á Resistencia interior ou exterior, algúns tentan organizar un maquis especificamente xudeu, pero os seus efectivos son até o final moi modestos.

Resulta van opoñer resistencia pasiva e resistencia activa ou resistencia armada fronte ás demais. Na medida en que o proxecto nazi prevía a destrución total do pobo xudeu, intentar sobrevivir, e en primeiro

lugar mediante a fuxida, foi a forma inicial da resistencia xudía fronte á vontade alemá. Neste contexto, toda resistencia foi *activa*, consistise esta en fabricar papeis falsos, atopar un agocho nun tempo mínimo, procurar familias de acollida para os nenos perseguidos e abrir redes de evasión fóra do xugo alemán. O ambiente humano e o factor xeográfico desempeñaron un papel importante nesas “técnicas” de salvamento.

Os combatentes militares foron honrados despois da guerra e así, lémbrese o papel da brigada xudía palestina que combateu dentro do exército británico. Pero os combatentes “sen gloria” dos papeis falsificados, dos nenos agochados e das cantinas populares non tiveron dereito a obter o codiciado título de resistente. E sen embargo eran resistentes, aínda que sen graduación, porque o pagaron coa súa vida.